

# **POBOACIÓN E ESTRUCTURA SOCIAL Ó LONGO DO CAMIÑO PORTUGUÉS**

José Leira López  
Profesor de Socioloxía  
Universidade da Coruña

Presentamos neste estudio os resultados da investigación que levamos a cabo sobre os municipios que atravesamos o denominado Camiño Portugués a Compostela. Foron obxecto do noso interese científico Tui, O Porriño, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis, Padrón e Santiago. Co fin dun intento de completar a investigación consideramos a necesidade de estender a nosa análise ós concellos de A Guarda, O Grove e Vilagarcía de Arousa.

Desde un primeiro momento é o noso desexo clarexar que a nivel metodolóxico, técnico e organizativo, inclinámonos pola opción de realizar unha análise por separado de cada un dos concellos obxecto da nosa investigación, aínda que levando a cabo as sempre necesarias referencias comparativas. Trataremos de observar rigorosa e sistematicamente os feitos, e analizar os datos; pero sempre desde uns modelos abertos, que expliciten o peculiar e específico de cada municipio; e tendo, ó meso tempo, un especial coidado en resaltar o esencialmente común a todos eles. E todo isto dentro dun enfoque global que pretende abandonar os vellos tópicos dunha Galicia con asentamentos dispersos e socioeconomicamente ancorada nun xa, ó parecer, perenne atraso. Situamos pois a nosa investigación

e o noso discurso nunha perspectiva científica centrada no cambio social, que tratará de amosar o camiño de como Galicia se está construindo, a través dun –lento pero constante– proceso de modernización. Abandonamos, pois, moi concretamente, vellas concepcións estáticas, para posiccionarnos nunha opción claramente dinámica que aborde o estudio da mobilidade social, dos fluxos de ideas, dos intereses colectivos e dos cambios que se están a producir na estrutura social.

## TUI

Atopámonos diante dun municipio cun rico pasado histórico, que contén importantes fitos. Cos suevos se converteu en sé episcopal. Polo seu enclave xeográfico foi obxecto da invasión dos árabes e dos normandos, e estivo involucrada nas loitas castelán-portuguesas da Idade Media. Entre os séculos XVI e XIX exerce a capitalidade dunha das sete provincias en que se dividía Galicia. Era lugar de entrada para moitos peregrinos que ó través das vías portuguesas se achegaban a Compostela, e que atravesaban o río Miño nos seus tramos máis estreitos.

Ten unha superficie de 68,3 km<sup>2</sup> que se reparten en doce parroquias. A súa poboación, segundo o Padrón Municipal de 1996 era de 16.003 habitantes, aínda que na Revisión Padroal de 1998 se observa un decrecemento fixado en 243 habitantes, fundamentalmente debido á baixa xeral que se está a producir nas taxas de natalidade. A súa densidade poboacional foi medrando entre 1981 e 1996, pasando de 220,7 hab./km<sup>2</sup> a 234,3 hab./km<sup>2</sup>. Aínda que nese período baixou a natalidade, o saldo migratorio positivo foi suficiente para producir un aumento poboacional. Un factor explicativo pode vir dado pola súa cercanía co polígono industrial de Porriño e o seu crecemento. Un significativo número de traballadores desas empresas escolleron Tui como lugar de residencia, aínda que non foi suficiente para frear o seu proceso de envellecemento. Pasa de contar en 1991 cun 17,8% de habitantes con máis de 60 anos, a un 20,3% en 1996.

Se analizamos a poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados (cadro IV), atopamos os seguintes datos: un 1,9% de analabetos, un 30,7% que di non ter ningunha clase de formación regulada, e

un 36,4% e un 27,4%, respectivamente, con estudos de primeiro e segundo grao. Son diplomados un 2,0% e teñen unha formación superior un 1,6%. Se establecemos a comparación coa media galega, este municipio sitúase por debaixo en tódolos niveis superiores ó 1º grao.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cadros V a VIII), amósasenos un panorama onde destaca claramente o sector servicios (49,6%), seguido da industria (32,0%). Tamén é significativo que un 14,5% se dedica á construción, o que indica un forte incremento do parque de vivendas destinado a aloxar a xente que chegaba á vila nesa inmigración a que antes aludíamos. Con respecto ó sector servicios temos que resaltar que está integrado maioritariamente polo comercio minorista. Este fenómeno non é alleo á condición de cidade fronteiriza, podendo ver nas súas rúas e tendas a moitos cidadáns portugueses. Tamén hai que destacar que Tui, que xa era centro comarcal de servicios, converteuse nun centro de ocio e recreo que aglutina a gran parte da xuventude da zona do Baixo Miño. No sector industrial atopamos un desenvolvemento baseado nos seus propios recursos, como son a madeira e os minerais. Así temos canteiras e industrias de transformación do caucho, xunto con empresas químicas e da construción. Non podemos obviar que unha parte significativa dos habitantes de Tui que se dedican á industria levan a cabo o seu traballo no polígono de Porriño ou na área industrial de Vigo. A súa actividade agraria (3,0%) vai paulatinamente decrecendo e a súa cabaña gandeira está formada principalmente polo porcino e o bovino. De tódolos xeitos debemos dicir que se levou a cabo un proceso de concentración parcelaria que aumentou o tamaño das explotacións agrícolas, e que xunto cun aumento da maquinización, permitiu unha maior racionalización do traballo no campo. A actividade pesqueira é moi pequena (0,9%), aínda que debemos ter en conta a tradicional pesca da angula. Tamén podemos observar un pequeno incremento na incorporación da muller ó mercado laboral da industria e ós servicios.

Con respecto ó coñecemento do galego (Cadro XI), as cifras amósannos que o entenden e o saben falar a práctica totalidade da poboación, o len un 45,4% e o escriben un 32,4%. En canto ó seu uso (Cadro XII), temos que dicir que un 43,9% se comunica sempre en galego, un 48,3% ás veces e soamente un 5,4% non o utiliza nunca.

Foi a nosa intención deixar para o final os recursos monumentais e turísticos. Tui foi declarada en 1967 conxunto histórico-artístico e conta cunha extraordinaria catedral que, xunto cos seus fermosos conventos e interesantes igrexas, preséntanos un paseo desde o Románico ó Barroco ó través dunhas rúas que nos fan sentir na Idade Media. Tamén temos que ter en conta os restos prehistóricos, como son o Castro de Cabeza de Francos e os petroglifos de Randulfe. Os seus recursos paisaxísticos están representados polo monte Aloia (primeiro parque natural de Galicia) e dende o que divisamos os vales e incluso o mar. As romarías e a gastronomía, baseada na variedade piscícola dos seus ríos, son dignos de interese. Lembremos a Festa da angula do Miño. O deporte do piragüismo dalle tamén sona ó través dos seus bos equipos e da proba denominada «Descenso Internacional do Miño». Cabe pensar que todos estes recursos patrimoniais deberían levar, ó ánimo das autoridades tudenses, o deseño dun proxecto socio-cultural de posta en valor de Tui e a súa bisbarra. Sobre todo se temos en conta o gran avance que está a experimentar o denominado turismo cultural, que, segundo estudos realizados, se prevé que en dez anos, máis do 80% dos viaxes turísticos terán algún tipo de motivación cultural.

## A GUARDA

Este municipio conta, segundo a Revisión Padroal de xaneiro de 1998, cunha poboación de 9.919 habitantes que se reparten en tres parroquias, aínda que temos que dicir que o seu núcleo urbano aglutina as dúas terceiras partes do total. É un concello que se sitúa no vértice que forman o estuario do Miño e o inmenso océano, e dende a prehistoria foi un importante enclave poboacional. Temos restos castrexos en Santa Tegra, onde tamén se amosa a presenza visigoda. A Idade Media está representada no mosteiro de Santa María a Real de Oia. Dos séculos XVI-XVII temos o castelo de Santa Cruz. A súa densidade de poboación é alta, pasando de 465,8 hab./km<sup>2</sup> en 1981, a 483,9 hab./km<sup>2</sup> na actualidade, aínda que con tendencia á estabilización. Ó mesmo tempo prodúcese un progresivo proceso de envellecemento que se reflexa nos datos de 1991 cun 17,8% de maiores de 60 anos, que sube a un 20,3% no ano 1996.

Se observamos a poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), atopamos os seguintes datos: un 1,9 de analfabetos, un 30,7% que non posúen ningún tipo de formación regulada, e un 36,4% e un 27,4%, respectivamente, que manifestan ter estudos de primeiro e segundo grao. Con diplomaturas aparece un 2,0% e con estudos superiores un 1,6%, o que nos leva á conclusión de que, en canto a este indicador, este municipio situase un pouco por debaixo das medias provincial e galega.

En canto á poboación ocupada, segundo a actividade económica (Cados V a VIII), observamos un progresivo proceso cara ó predominio do sector servicios (43,1%). A pesca segue a ser un sector en alza (30,4%), xa que debemos ter en conta que A Guarda é unha vila claramente mariñeira. A agricultura (3,0%) é hoxe en día unha actividade laboral en retroceso, aínda que cabe destacar que se levou a cabo un proceso de modernización agraria ó través dunha mellor parcelación, así como a formación de cooperativas e a posta en marcha de cultivos baixo abrigo, manténdose no Norte as vides que dan lugar o exquisito viño do Rosal. A base industrial (12,9% dos ocupados) está baseada nos materiais de construción, na explotación forestal, nos estaleiros e na cerámica, producíndose pois unha interesante diversificación productiva. Existe un 10,6% de ocupados dedicados á construción que poñen de manifesto un significativo pulo no aumento do parque de vivendas que son destinadas non soamente para os guardeses, senón que tamén, e dun xeito importante, para o crecente sector turístico nas tempadas veraniegas. O maioritario sector servicios está conformado pola hostalería enfocada ó turismo, e por un variado conxunto de pequenos e medianos comercios.

Mención especial merece o turismo. Se concebimos este como motor de desenvolvemento socioeconómico, temos que dicir que A Guarda conta cun amplo abano de recursos turísticos: desde a súa privilexiada situación xeográfica, que ofrece praias de mar e río, ata a Citania de Santa Tegra co seu Museo Arqueolóxico, as rotas de sendeirismo, a práctica de deportes náuticos, a gastronomía (angula, lamprea, mariscos, viños do Rosal), e as súas igrexas, ermidas e construcións populares (casas tradicionais mariñeiras, muíños e cruceiros). Sería preciso a posta en marcha dun plan integral de dinamización sociocultural que lograra unha posta en

valor de tódolos recursos mencionados, xunto cun deseño publicitario que lograse incrementar notablemente a demanda turística. Neste plan incluíriase a variedade tipolóxica de festas, especialmente as do Monte de Santa Tegra.

Pasemos agora a observar o coñecemento do idioma galego que teñen os guardeses (Cadro XI). Enténdeno e sábeno falar practicamente todos. Leno un 67,7% e escribénlo un 45,7%, o que nos leva a considerar, nunha análise comparativa, que estas dúas porcentaxes son as máis altas de tódolos municipios obxecto da nosa investigación. Como podemos observar, o galego está moi vivo neste concello e está presente en toda a súa dinámica social. En canto ó seu uso diremos que falan sempre en galego un 43,9% e ás veces un 48,3%. Soamente un 5,4% manifesta non empregalo nunca.

Non quixéramos acabar sen facer referencia ás importantes actividades culturais. Existe un fermoso «Centro Socio-Cultural» que está situado nun antigo palacete restaurado e no que se levan a cabo ciclos de conferencias, exposicións, obras de teatro, recitais e toda unha gran variedade de actos culturais. Hai un forte tecido asociativo que xira arredor da cultura e que se manifesta na Agrupación Cultural Guardesa e na ANABAN. Tódolos anos ten lugar o certame poético «Feliciano Rolán».

## O PORRIÑO

Estamos diante dun municipio que a partires da década dos sesenta liga o seu desenvolvemento ó proceso de crecemento do seu polígono industrial. Todo o demais xira en torno a este feito.

Este concello conta cun territorio de 61,2 km. cadrados, e a súa poboación, segundo a Revisión Padroal de 1998, era de 15.812 habitantes. Está estruturado en oito parroquias: Atios, Budiño, Cans, Chenlo, Mosen-de, Porriño, Pontellas e Torneiros. Dende os sesenta presenta uns saldos positivos no seu crecemento vexetativo e no saldo migratorio. Na actualidade conta cunha densidade de poboación de 258,4 hab./km<sup>2</sup>. A súa poboación maior de sesenta anos sitúase nun 15,6%, que constitúe a porcentaxe máis baixa de tódolos municipios obxecto do noso estudo. O factor

explicativo ven dado polo fluxo da man de obra nova que reside no municipio, como consecuencia do seu polígono industrial.

No seu territorio aparecen signos correspondentes ó Paleolítico e mámoas con restos de cerámica. A presenza do Medievo reflíctese nos castelos e nas casas nobiliarias. É o berce do gran arquitecto modernista español Antonio Palacios, que deixou obras na propia vila como a Casa do Concello. Porriño é paso dos peregrinos que dende o Norte de Portugal se dirixen a Compostela.

En canto ó indicador de estudos realizados (Cadro IV), atopámonos cos seguintes datos: un 2,5% de analfabetos, un 20,7% que manifestan non ter estudos, un 44,5% cunha formación de primeiro grao, un 29,5% de segundo grao e un 1,6% e un 1,2%, respectivamente para as diplomaturas e os estudos superiores. Estas dúas últimas cifras seguen a estar por debaixo das medias provincial e galega. Se fixéramos a diferenciación por parroquias netamente rurais e as urbanas ou semiurbanas, os índices das primeiras serían notablemente máis baixos, o que nos ven a demostrar que os procesos formativos se correlacionan claramente co tipo de hábitat do que estamos a falar.

Se entendemos a poboación ocupada segundo a actividade económica (Cados V a VIII), observamos que as cifras serían as seguintes: un 3,9% na agricultura, un 1,1% na pesca, un 38,3% no sector industrial e un 44,3% nos servizos. Atopamos tamén un significativo 12,4% que desenvolve a súa actividade na rama da construción, que logrou que medrase cuantitativamente o seu parque de vivendas, aínda a pesares de facelo, nalgunhas zonas, dun xeito desordenado dando lugar a unha desestructuración da súa trama urbana. Pero é o sector secundario o que produce o pulo para o desenvolvemento deste municipio, e máis se temos en conta que o eixo industrial Vigo e O Porriño constitúe unha das maiores áreas industriais de Galicia. Aquí están enclavadas importantes empresas de transformados metálicos, compoñentes de coches, frío industrial, precociñados; de transformados da madeira, do téxtil, químico-farmacéuticas, e depósito de coches Citroën. Antes da creación do polígono xa había industrias, fábricas de cerámicas, Frigolouro ou Celtia.

Mención especial merecen as canteiras, cunhas explotacións ó aire libre que engloban máis de cen hectáreas. O seu produto é o apreciado

granito Rosa Porriño que se exporta ate países europeos, americanos e Xapón. O seu arredor instaláronse fábricas de transformación para atender as demandas nacionais.

No sector servicios, hoxe en día maioritario, destacan todos aqueles que serven ó proceso industrial: servicios directos ás empresas, transporte, hostalería e comercio maiorista e minorista. Son tamén relevantes as actividades administrativas que se conforman polas necesidades das propias empresas, do concello e de ser sé do partido xudicial.

En canto ó sector primario, aínda que cada vez máis residual, ten importancia a explotación forestal e aínda que non diminuíu o número de explotacións coma no resto de Galicia, si se impulsaron novos cultivos hortícolas baixo abrigo. Parece que estas actividades se usan por traballadores simbióticos, para complementar os ingresos que proceden dos sectores industrial e terciario.

No referente á distribución da poboación ocupada por actividade e sexo, diremos que é na industria e nos servicios onde as mulleres incrementan pouco a pouco a súa presenza, do mesmo xeito que sucede –como cabería esperar seguindo a tónica xeral de Galicia– na agricultura, aínda que este último dato non sexa indicador de ningún proceso de modernización.

Fagamos agora un pequeno percorrido polo coñecemento do idioma galego (Cadro XI). Enténdeno e sábeno falar a práctica totalidade da poboación, leno un 29,8% e escribendo un 11,6%. Estes dous últimos datos son os máis baixos de todos os municipios obxecto desta investigación. En canto o seu uso (Cadro XII), diremos que o falan sempre un 43,3%, ás veces un 47,1% e nunca un 4,2%.

Para finalizar, quixéramos facer unha chamada de atención turística, que pode vir dada polos espazos naturais que conforman as pequenas lagoas que se inscriben no ecosistema das Gándaras de Budiño, onde se atopa un centro ornitolóxico no que se poden observar unha gran variedade de aves. Tamén temos un sendeirismo que atravesa as zonas graníticas e que percorre a rota das Pedras ata o miradoiro do Faro de Budiño (que conta cunha fermosa vista sobre o Val do Baixo Miño). Os edificios de Palacios, as casas señoriais e a variada oferta hostaleira, constitúen elementos de atracción, xunto coas súas festas. Posúe o primeiro velódromo de Galicia, para levar a cabo o ciclismo de competición.



## REDONDELA

Falan as lendas dunha orixe grega, aínda que o realmente certo é o forte influxo romano. Na Idade Media pertencía á Mitra Compostelá, e nos séculos XVIII e XIX recibiu a indesexada visita dos ingleses e holandeses primeiro, e dos franceses despois. No seu territorio sitúase a Illa de San Simón, na que residiron templarios, franciscanos e beneditinos, e na que se instalou un lazareto. Redondela converteuse no poboamento máis importante da ría ata o punto de que Vigo era coñecido como «Vigo de Redondela». Polo seu termo municipal discorren os peregrinos que se dirixen a Compostela.

A superficie deste concello é de 52,1 km<sup>2</sup>, contando cunha poboación, segundo a Revisión Padroal de 1998, de 28.768 habitantes que se distribúen en 13 parroquias. Aínda que na última década ten un crecemento vexetativo negativo, este vese compensado por un saldo migratorio positivo que estabiliza o censo poboacional. Os factores explicativos deste feito témolos que buscar na súa base industrial e na súa pertenza ó eixo Vigo-Pontevedra. A súa densidade de poboación foi medrando dende 1981 ata 1996, sendo na actualidade de 552,2 hab./km<sup>2</sup>. No tocante ó envellecemento poboacional diremos que un 18,0% conta con máis de 60 anos.

No cadro IV amósasenos as porcentaxes de poboación de máis de dez anos segundo os estudos realizados, e atopamos un 3,5% de analfebetos, un 15,4% que din non posuír ningún tipo de estudos, un 47,1% cunha formación de 1º Grao, un 31,3% de 2º Grao, e un 1,7% e un 1,0%, respectivamente, para diplomaturas e estudos superiores. Supera a media galega nos apartados de primeiro e segundo grao e sitúase por debaixo nos estudos universitarios. Os estudos de formación profesional precisos para o seu tecido industrial poden ser o factor explicativo.

Na súa estrutura económica atopamos un 1,3% de ocupados no sector agrario, un 6,5% na pesca, un 34,1% na industria e un 46,8% nos servizos. Nunha análise comparativa observamos que entre o 91 e o 96 medraron os índices da industria e os servizos. Redondela, a pesares das crises, encóntrase no camiño do proceso de modernización. O seu excelente emprazamento no eixo Pontevedra-Vigo, a súa proximidade ó polígono de Porriño, as vías de comunicación (con autoestrada e vía ferroviaria) poden

contribuír a un relanzamento socioeconómico. As empresas predominantes corresponden á madeira, téxtil, conserveira, metalurxia, vidros, química e artes gráficas. Case todas son pequenas e medianas empresas, e cabe destacar Pescanova, que está ubicada na zona de Chapela. Tamén hai que dicir que unha parte dos seus habitantes que se dedican á industria, levan a cabo o seu traballo en Vigo, Porriño ou Pontevedra.

O sector terciario céntrase fundamentalmente no comercio minorista e nos servizos administrativos, posto que o seu núcleo urbano exerce como centro comarcal. Tamén cabe destacar que a actividade agrícola (1,3%) atópase en franco retroceso mentres que a pesca segue a aglutinar a un 6,5% dos ocupados. A construción, cun 11,3%, cumpre co papel de mellorar e incrementar o parque de vivendas.

Se observamos o Cadro XI, amósanos os datos correspondentes ó coñecemento do idioma galego. Enténdeno e sábeno falar a práctica totalidade da poboación, leno un 46,8% e escribendo un 35,8%. En canto o seu uso, fálanos sempre un 49,1% e ás veces un 40,0%. Non o utilizan nunca un 5,7%.

Queremos finalizar facendo unha chamada de atención respecto dos recursos monumentais e turísticos que ofrece Redondela. Na vila están a Casa do Concello, o Convento de Vilavella, a igrexa de Santiago de Vilavella, e a capela de Santa María ou das Angustias. Son tamén de interese as igrexas de San Andrés de Cedeira e de San Fausto de Chapela. No que respecta a arquitectura civil, conta con interesantes pazos: a Casa do Petán, o pazo dos Pousadouros, a Casa-Torre de Prego, a Casa Grande de Reboreda e o Pazo-Torre de Cedeira. Posúe restos megalíticos como a necrópole de Chan das Formigas, as mámoas do Coturro e Os Lagos. En canto a cultura castrexa está o Castro de Peneda e o Coto do Castro. Tamén existen restos romanos como o miliario denominado «Marco» en Vilar de Infesta. É digno de interese o viaducto do tren, magnífica obra de enxeñería ferroviaria. En canto os seus recursos paisaxísticos destacan as súas inmensas praias e os impresionantes acantilados. Dende o monte da Pereda podemos observar unha fermosa vista que nos leva a ría de Vigo. As festas do Corpus, a dos Maios e a «festa do choco» (onde se consume este rico produto) atraen a gran cantidade de público. E por último, é de destacar o mar de San Simón, que rodea a Illa, e que está considerado espacio protexido.

Pensamos que sería necesario a posta en marcha dun plan integral de desenvolvemento en base a todos estes recursos patrimoniais, que podería atraer a gran número de visitantes co conseguinte desenvolvemento socioeconómico que xeraría.

## PONTEVEDRA

Este municipio é a capital das Rías Baixas. Constitúe un polo de atracción para distintas vilas que se atopan nas súas cercanías: Marín, Barro, Poio e Vilaboa. Estamos diante dun concello con fondas raíces históricas que atravesan as Idades da Historia ata o Paleolítico inferior.

Conta cunha superficie de 118,3 km<sup>2</sup>, estruturada en dezaseis parroquias. A poboación, segundo a Revisión Padroal de 1998, era de 73.871 habitantes, dos cales viven na cidade, aproximadamente, as dúas terceiras partes. Tivo un forte incremento poboacional desde 1981 ata 1996, pasando desde unha densidade de 542,6 hab./km<sup>2</sup> en 1981, a 628,0 hab./km<sup>2</sup> en 1996 e 624,4 hab./km<sup>2</sup> en 1998. En canto ós maiores de 60 anos, eran o 16,3% en 1991 e o 18,6% en 1996. Parece que estes datos de densidade e progresivo envellecemento lévannos a concluír que nos últimos anos estase a producir un descenso nas taxas de natalidade.

Se facemos unha disección por estudos realizados (Cadro IV), encontramos un 1,9% de analfabetos, un 13,2% que din non posuír estudos de ningún tipo, e un 36,2% e un 39,2% que, respectivamente, manifestan ter rematada a súa instrucción de primeiro e segundo grao. As porcentaxes de diplomaturas (4,5%) e estudos superiores (5,0%) son moi superiores ás medias provincial e galega.

En canto á análise da poboación ocupada por actividade económica (Cadros V a VIII), atopámonos cun 1,5% na agricultura, un 2,5% na pesca, un 15,1% no tecido industrial e un rotundo 70,6% para os servizos. Facendo a análise comparativa entre os Cadros V e VII podemos observar que a actividade agrícola se reduciu á metade. Debemos ter en conta que o crecemento da cidade fixo que se incorporase a ela o entorno rural máis próximo. No que respecta á escasa estrutura industrial, temos que dicir que se fundamenta principalmente nun reducido número de empresas, cunha es-

pecial mención a Tafisa e a ENCE. Como sabemos, as celulosas producen efectos medioambientais non desexados. Estas industrias transformadoras da madeira utilizan o porto de Marín para a súa comercialización. O poderoso sector terciario componse fundamentalmente de oficinas da Administración (Concello, Deputación, Xulgados, Delegacións), establecementos de hostalería, comercios e servicios ás empresas. Hai que ter en conta que Pontevedra é centro comercial para unha importante área que está baixo a súa influencia. Tamén foi notable a incorporación da muller ó mercado laboral que representan os servicios. Existe un 10,3% da poboación ocupada que se dedica á construción e que, repartidos en pequenas e medianas empresas, xeraron o incremento da trama urbana que reclamaba o crecemento poboacional. Neste senso temos que dicir que as novas construcións foron, en repetidas ocasións, moi pouco respectuosas co casco histórico, ó que lle comeran parte do seu espacio.

Se analizamos o coñecemento do idioma galego (Cadro XI), diremos que o entenden o 93,7%, o saben falar o 83,9%, o len o 49,4% e o escriben o 34,4%. No tocante ó seu uso (Cadro XII), falan sempre o galego un 23,4% dos pontevedreses, ás veces un 56,4% e non o utilizan nunca un 10,0%.

Os recursos patrimoniais e turísticos son moi relevantes, aínda que non están moi explotados pola falta dun deseño que presente unha oferta conxunta e variada. Existen restos da Idade de Bronce e da cultura castrexa. Pero é primordial visitar Pontevedra e pasear polo seu casco histórico e as súas rúas con soportais, admirando o conxunto pétreo desde as pequenas prazas. No seu conxunto monumental destacan a Casa Consistorial, as ruínas de Santo Domingo, os pazos da Praza de Teucro, a praza da Ferrería, o convento de San Francisco, o Teatro Principal, a Basílica de Santa María, o Parador Nacional de Turismo (que foi un antigo pazo), o convento de Santa Clara e outros pazos e casas señoriais.

Mención á parte merece o Museo Provincial, que se inaugurou no ano 1965, e no que se conservan restos da cultura castrexa e obras artísticas de épocas moi diversas. Ó mesmo tempo cumpre unha importante labora no campo da investigación.

Desexamos sinalar, dun xeito especial, a Capela da Nosa Señora de A Peregrina. De finais do século XVIII, ten unha orixinal planta circular

semellando unha cuncha de vieira. No seu interior os símbolos da peregrinación a Santiago son numerosos. O seu estilo é unha mestura de Barroco e Neoclásico con influencia portuguesa. A lenda conta que a Virxe lles indicaba ós peregrinos o camiño cara a Compostela. É a patroa de Pontevedra e dos camiñantes que se dirixen a Santiago.

Son importantes a «Feira de Turismo» e «Construgal», así como as Bienais Internacionais de Artes. Así mesmo, as festas da Virxe Peregrina, dos Maios e o entroido. Tamén ten moita sona a romaxe a San Benitiño de Léz (que foi declarada de Interese Turístico). É tamén digno de mención o Trofeo Internacional Príncipe de Asturias de piragüismo.

A posta en valor de todos estes recursos patrimoniais pode atraer a Pontevedra un turismo de calidade, que potencie o seu desenvolvemento socioeconómico. O mesmo tempo, pensamos que o desenvolvemento do seu Campus Universitario pode contribuír a darlle un novo pulo a esta tranquila e señorial cidade.

## CALDAS DE REIS

A súa orixe ten relación coas augas termais. Aquí localizouse a vila romana de Aquae Calenae nomeada no itinerario de Antonino. Parece ser que Dona Urraca tiña nestas terras unha torre-castelo e que o seu fillo Alfonso VII estivo en Caldas, de aí o nome de «Reis». Por aquí pasaban os peregrinos que, desde Portugal e o Sur de Galicia, ían cara a Compostela. Conta a historia que por este lugar pasou Santo Tomás de Canterbury na súa andadura ate Santiago. Hoxe en día segue a ser un centro importante dentro do denominado Camiño Portugués.

Caldas de Reis é un concello que conta, segundo a Revisión Padroal de 1998, con 9.369 habitantes distribuídos en nove parroquias. Non parou de medrar como o demostran as densidades de poboación (Cadro I): 130,3 hab./km<sup>2</sup> (1981), 134,5 hab./km<sup>2</sup> (1991), 136,5 hab./km<sup>2</sup> (1996) e 137,4 hab./km<sup>2</sup> (1998). A súa poboación maior de 60 anos sitúase nun 22,3%, que se converte no índice máis alto de tódolos municipios obxecto desta investigación. Aínda que xa se nota o descenso da natalidade, o saldo migratorio positivo impón ese, lixeiro pero constante, incremento poboacional.

Se observamos o cadro de estudos realizados, atopamos un 2,5% de analfabetos, un 27,8% que din non ter ningún tipo de estudos, un 42,0% que manifesta unha formación de primeiro grao e un índice do 24,6% para o segundo grao. En canto a diplomaturas e estudos superiores, temos, respectivamente, un 2,2% e un 0,9%. En canto ós estudos universitarios, atópase claramente por debaixo das medias provincial e galega.

Atendendo ós Cadros V a VIII, podemos observar a poboación ocupada segundo a actividade económica. Os datos reflicten o seguinte: un 8,1% dedícanse á agricultura, un 0,7% á pesca, un 29,4% traballa na industria e un 42,4% no sector servicios. Como se deduce, segue a existir un importante compoñente agrícola baseado nos cultivos de regadío e nas praderías, introducíndose unha modernización a través de novos produtos como as flores e o kiwi, mantendo e mellorando os hortícolas, así como os viñedos. Na súa cabana gandeira destacan o bovino e, en concreto, as vacas de muxido. Tamén é significativa a súa riqueza forestal.

O sector industrial aséntase fundamentalmente en empresas lácteas, químicas, conserveiras, transformados metálicos, materiais de construción, mobles e cantería. É moi importante o sector da construción que engloba a un 19,2% dos ocupados e que cumpría a función de incrementar o parque de vivendas que reclamaba o aumento de poboación e a consolidación do casco urbano, así como de melloramento de edificios significativos dentro da estrutura urbanística caldesa.

O sector terciario está conformado polos traballadores da administración, e polo comercio e a hostalería. Aquí temos que destacar a actividade turística que se xenera en torno ás augas termais, sendo os seus balnearios dos máis coñecidos e con máis sona en Galicia.

No referente ó coñecemento do idioma galego (Cadro XI), diremos que o entenden e o falan practicamente a totalidade da poboación, o len un 41,0% e o escriben un 28,7%. En canto ó seu uso (Cadro XII), ofrece unha das porcentaxes máis altas de tódolos municipios que percorremos neste estudo. Fálano sempre o 72,7%, ás veces o 24,2%, e soamente un 1,7% manifesta non utilizalo nunca.

Pensamos que podemos sacar a conclusión de que Caldas de Reis é un concello moi dinámico que sabe ir adaptando os seus procesos agrarios, industriais e turísticos dentro dun proceso de continua modernización. Cre-

mos que ademais debe aproveitar a súa situación xeográfica privilexiada, xa que se atopa entremedias de Santiago e Pontevedra, e no cruce entre Vilagarcía e A Estrada. Esta centralidade pode facerlle participe dos propios procesos socioeconómicos xerados por estas cidades e vilas.

E non queremos acabar sen referirnos ó proxecto Thermaios. É este un proxecto europeo que lidera Caldas de Reis e no que participan outras cidades que se atopan en Cataluña, Portugal e Grecia. Todas teñen en común o posuír augas termais e balnearios. E en base a este feito, estase a xerar un proceso de desenvolvemento socioeconómico e un movemento sociocultural. Xa se está a converter nun importante acontecemento cultural e festivo a programación denominada «Caldas Quente» e que se desenvolve no mes de Xullo. Nela teñen presenza a música, as artes plásticas, a poesía, os ciclos de conferencias e toda unha longa serie de actividades culturais. En Caldas construíuse un precioso Auditorio e remodeláronse fachadas e edificios que teñen moito que ver co proceso identitario de Caldas. Se a todo o exposto, lle sumamos a gran variedade de recursos patrimoniais que contén o seu territorio: monumentais (igrexas medievais, pazos e casas señoriais), as pontes (Bermaña, Castaños, Segad), os muíños, o río Umia e a praia fluvial, o parque do Robledal; pensamos que a posta en valor deste conxunto pode conducir a Caldas a converterse, cada vez máis, nun importante polo de atracción turística.

## O GROVE

Estamos diante dun municipio cunha situación xeográfica singular. Atópase dentro da Comarca de O Salnés, e forma unha península, cun istmo moi estreito, que está rodeado de praias por tódalas partes. Pertence o seu territorio a pequena illa de A Toxa, que se mantén unida ó resto do municipio a través dunha fermosa ponte. Esta conformación marcaría a vida e as condicións socioeconómicas dos seus habitantes.

Conta na actualidade, segundo a Revisión Padroal de 1998, cunha poboación de 10.985 habitantes repartidos en dúas parroquias: San Vicente e San Martiño. Entre 1981 e 1996 prodúcese un constante incremento poboacional como o demostra o Cadro I mediante as súas densidades de

poboación: 466,0 hab./km<sup>2</sup> (1981), 490,0 hab./km<sup>2</sup> (1991) e 503,9 hab./km<sup>2</sup> (1996). Durante estes anos o seu crecemento vexetativo foi sempre positivo. Agora parece que entrou nun período de estabilización e así temos que a densidade no ano 1998 amosa un dato de 501,6 hab./km<sup>2</sup>. A poboación maior de 60 anos pasou dun 16,8% no ano 1991 a un 19,4% no 1996. No seu casco urbano viven aproximadamente as dúas terceiras partes dos habitantes.

Se atendemos agora ó Cadro IV que nos amosa os estudos realizados, atopamos que un 2,5% da poboación son analfabetos, un 27,0% non posúen ningún tipo de formación regulada, un 40,9% e un 26,6 %, respectivamente, manifestan ter estudos de primeiro e segundo grao. Con diplomaturas aparece un 1,7% e con estudos superiores un 1,3%, o que nos leva á conclusión de que na variable dos estudos este municipio sitúase, a partires do nivel de primeiro grao, por debaixo das medias provincial e galega. Esta é unha asignatura pendente para un verdadeiro e integral proceso de modernización desta zona.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cadro VII), encontramos en primeiro lugar o sector servicios (47,3%), seguido da pesca (21,3%), a industria (20,0%) e a agricultura (2,3%). Esta última está en franco retroceso, e mantense como actividade complementaria destinada ó autoconsumo; aínda que temos que destacar a relativamente importante riqueza forestal. A pesca segue a ser un sector forte e dinámico, onde se mesturan técnicas artesanais e formas novas. Existe un marisqueo tradicional a pé levado a cabo polas mulleres, e outro en dornas que o realizan os homes. Ó mesmo tempo, está aumentando o cultivo de peixes e moluscos en viveiros e parques, incrementándose considerablemente o número de bateas (fundamentalmente para o mexillón). Unha gran parte desta produción vai para a exportación en fresco. A meirande parte da pesca é de baixura. A industria é dependente dos recursos mariños, e baséase, na súa maior parte, en empresas de depuración e conserva. Tamén temos que destacar que o 9,2% da poboación ocupada pertence á construción, que logrou que medrase significativamente o parque de vivendas, que en moitas ocasións serven para unha segunda residencia. Neste aspecto compre dicir que, a falta duns claros criterios de edificación, levou, en non poucas ocasións, a unha degradación urbanística.



Pero é o sector terciario o preponderante neste municipio. Deixando á parte os sempre precisos servizos administrativos, é o turismo e tódolos seus derivados os que dan traballo á maior parte dos ocupados neste sector. Aparece un puxante ramo hostaleiro que ten a misión de acoller ó gran número de visitantes que se achegan ó Grove. Nun principio, o motor turístico foi a illa de A Toxa coas súas augas medicinais. Logo construíuse un balneario que atraxo a un turismo de alta calidade baseado na saúde. Pouco despois, os atractivos paisaxísticos e mariños comezaron a impoñerse paulatinamente. Levouse a cabo a construción do Gran Hotel, dun casino e un campo de golf. Posteriormente comezou o turismo a outras zonas, todas elas cunhas excepcionais praias, como son San Vicente e A Lanzada. Tamén as súas festas e gastronomía mariña, entre a que destaca a «Festa do Marisco», son un importante foco de atracción turística. Todo este conxunto de incentivos fixo que a oferta hostaleira se incrementase notablemente e que se xerasen hoteis de calidade, así como unha variada oferta de cámpings.

Debemos dicir que no territorio deste concello atópanse dous importantes castros (en Siradella e en Punta Castriño). Tamén se descubriron necrópoles tardorromanas moi preto do mar. Existen varias igrexas e ermidas. Cabe destacar o enclave ecolóxico da enseada de O Bao que está incluída dentro dos Programas Europeos «Atlantis» e «Ramsar», que se dedican á protección medioambiental.

## VILAGARCÍA DE AROUSA

Permítasenos un símil para comezar a nosa análise sobre este municipio. Así como o cine pasa a ser á sétima arte, Vilagarcía –desde comezos da década dos oitenta– incorpórase ó conxunto de núcleos urbanos de Galicia, pasando a ser a oitava cidade galega. O seu número de habitantes e os seus modelos socioeconómicos así o veñen a demostrar.

A fundación da antiga vila co seu nome actual dátase no ano 1461 e responde a unha carta puebla que autoriza un burgo mariñeiro preto dun castro propiedade do Cardeal García. Do veciño Carril partiu a primeira liña ferroviaria de Galicia que levaba as mercadorías ata Santiago. A prin-

cipios do século XIX concédeselle a Vilagarcía a autorización para establecer comercio con Europa e América, e comeza a ter unha intensa actividade portuaria. No ano 1912 anexiona os municipios de Vilaxoán e Carril, adoptando a actual denominación de Vilagarcía de Arousa.

A súa poboación, segundo a Revisión Padroal de 1998, é de 33.724 habitantes que se estruturan en trece parroquias. O seu crecemento foi constante como podemos observar ó través das densidades poboacionais: 641,1 hab./km<sup>2</sup> (1981), 683,0 hab./km<sup>2</sup> (1991), 708,6 hab./km<sup>2</sup> (1996) e 716,0 hab./km<sup>2</sup> (1998). O seu constante crecemento vexetativo e uns saldos migratorios positivos posibilitan esta alta densidade, que é a máis alta de tódolos municipios obxecto desta investigación. De tódolos xeitos podemos observar (Cadro III) un progresivo envellecemento da poboación se temos en conta que no ano 1991 ofrecía un 16,6% de maiores de sesenta anos, que pasou a un 19,5% en 1996.

Se analizamos a poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), atopamos os seguintes datos: un 1,5% de analfabetos, un 20,4% que din non ter ningún tipo de formación regulada, e un 39,2% e un 33,4%, respectivamente, con estudos de primeiro e segundo grao. Son diplomados un 2,8% e teñen estudos superiores un 2,7%. Sitúase nunha posición lixeiramente vantaxosa respecto ás medias provincial e galega.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cados V a VIII), amósasenos un panorama onde destaca claramente o sector servicios (59,4%), seguido da industria (22,5%), a pesca (5,8%) e a agricultura (1,3%). A agricultura sitúase en claro retroceso e queda reducida a produtos hortícolas para o autoconsumo. Algo máis importante, pero tamén residual, é a riqueza forestal. O marisqueo e a pesca teñen maior relevancia, destacando os moluscos e os crustáceos. Neste sentido, levouse a cabo un proceso de modernización mediante os viveiros flotantes ou fixos e as cetáceas. Ademais, na parroquia de Vilaxoán atópanse as instalacións do centro de Investigacións Mariñas da Xunta de Galicia. En canto ás industrias, diremos que, fundamentalmente, son metalúrxicas, lácteas e conserveiras. Estas últimas xeran a presenza doutras empresas auxiliares como as dedicadas ós envases metálicos e ó cartonaxe. Tamén debemos destacar que un 11,0% dos ocupados dedícanse á construción, que fixo incremen-

tar notablemente o parque de vivendas, aínda que ás veces cun dubidoso gusto. De tódolos xeitos, atopamos, ó mesmo tempo, fermosas construcións actuais. Pero nas actividades económicas de Vilagarcía destaca, dun xeito claro, o sector terciario, que está composto polo transporte, o comercio maiorista e os sempre necesarios servicios administrativos. A rama de hostalería é moi importante e responde non soamente á demanda interna, senón, e en gran medida, ó gran fluxo de visitantes que se achegan a este municipio, porque temos que dicir que nos atopamos nunha das zonas máis turísticas de Galicia. As súas praias (A Concha e Compostela), as súas paisaxes (o monte Lobeira cunha fermosa vista), os seus monumentos relixiosos (igrexas de Santa Eulalia, Santiago de Carril, San Martiño de Sobrán, San Pedro de Fontecarmoa, San Salvador de Sobradelo, Convento das Angustias), a súa arquitectura civil (pazos de Rubiáns, de Rial, dos marqueses de Vilagarcía) constitúen un conxunto atractivo para os visitantes. Non podemos esquecer a súa excelente gastronomía que se pode degustar nos establecementos que se ubican en pequenas rúas e prazas. Tamén debemos destacar a «Feira exposición para o desenvolvemento de Galicia», onde acoden moitas empresas para dar a coñecer as súas ofertas. Entre as festas destacaremos a da Camelia pola súa beleza e colorido.

Non podemos acabar esta análise sen facer unha referencia á economía somerxida que, aínda que a súa presenza atopámola en tódolos lugares, aquí pode ter –á vista das hemerotecas– unha maior incidencia. Penso que podemos afirmar que este municipio non precisa este tipo de actividades para vivir e avanzar. Vilagarcía ten os suficientes recursos e atractivos para un magnífico desenvolvemento socioeconómico e cultural.

Dende aquí encárase a subida polo río cara a Pontecesures e Padrón, na que se denomina Ruta Marítima do Apóstolo.

## **PADRÓN**

Este municipio ten unha fonda ligazón co Camiño de Santiago. Narra a tradición que aquí chegou, procedente de Palestina, a barca que trasladou os restos do apóstolo Santiago, e na que viñan os seus discípulos

Anastasio e Teodoro, que a amarraron a unha columna de pedra ou «pedrón» do que toma o nome a actual vila. Hoxe en día é paso obrigado para tódolos peregrinos que se encamiñan a Compostela polo denominado Camiño Portugués, así como para aqueles que proceden da chamada Ruta Marítima do Apóstolo.

Padrón é un municipio que conta, segundo a Revisión Padroal de 1998, cunha poboación de 9.548 habitantes, estruturados en cinco parroquias: Cruces, Carcacia, Herbón, Iria Flavia e Padrón. A súa densidade poboacional foi medrando ata 1996: 205,5 hab./km<sup>2</sup> (1981), 207,0 hab./km<sup>2</sup> (1991) e 208,0 hab./km<sup>2</sup> (1996). O progresivo descenso da natalidade fixo que no ano 1998 nos atopáramos cunha densidade de 197,3 hab./km<sup>2</sup>. Outra variable demográfica explicativa ven dada polo aumento no índice de envellecemento. Pasou de ter (en 1991) un 17,4% de habitantes maiores de sesenta anos, a un 20,1% no 1996.

Se analizamos a poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), atopamos os seguintes datos: un 2,9% de analfabetos, un 15,0% que din non ter ningunha clase de formación regulada, e un 45,7% e un 33,0%, respectivamente, con estudos de primeiro e segundo grao. Son diplomados un 1,4%, e teñen unha formación superior un 2,0%. Sitúase nunha posición de desvantaxe, se establecemos a comparación coas medias provincial e galega.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cados V a VIII), amósasenos un panorama onde sobresaen os servizos (51,5%), seguido da industria (26,2%), a agricultura (7,9%) e a pesca (2,1%). Referente ó sector agrario, observamos que estamos diante dun val moi fértil no que era imposible o abandono dos cultivos, sobre todo se temos en conta que determinados produtos coma os pementos teñen unha alta demanda no mercado alimenticio. Temos que dicir que en Padrón levouse a cabo un forte proceso de modernización nas súas actividades agrícolas. Prodúcese unha maquinización, o que permitiu un traballo no campo a tempo parcial; introducíronse novos cultivos (flores e kiwi); levouse a cabo un proceso de especialización no cultivo do pemento de Herbón; e establecéronse canles de comercialización coa creación da cooperativa Pimerbón.

O seu sector industrial é moi activo, onde atopamos pequenas, medianas e grandes empresas. As actividades fabriles corresponden, funda-

mentalmente, á madeira, ó aluminio, ós materiais de construción, ás bebidas e ó curtido de peles e téxtil. Entre as empresas destacan Finsa, Cortizo e Picusa Piel S.A. (que dá emprego a uns cincocentos traballadores). O tecido industrial está, pois, moi diversificado, o que lle proporciona unha gran estabilidade. En canto ós servicios, Padrón é unha importante cabeceira de comarca, cunha ampla oferta comercial e de establecementos dedicados ás actividades de ocio. Temos os servicios administrativos municipais e os que lle corresponden como sé de Partido Xudicial. A súa centralidade xeográfica e a boa calidade dos seus produtos, fan de Padrón un municipio moi dinámico. Tamén debemos resaltar ese 12'3% de poboación ocupada que se dedica á construción, e que fixo posible un alto crecemento no seu parque de vivendas, logrando así consolidar o seu casco urbano.

Se analizamos o coñecemento do idioma galego que ten a poboación de Padrón (Cadro XI), observamos os seguintes datos: enténdeno e fálano a práctica totalidade dos seus habitantes, leno o 51,5% e escribino o 39,6%. En canto o seu uso (Cadro XII), temos que dicir que un 56,5% se comunica sempre en galego, un 38,6% ás veces e soamente un 1,1% non o utiliza nunca.

Foi a nosa intención deixar para o final os recursos patrimoniais e turísticos que, ó noso xuízo, constitúen un importante foco de atracción. Neste municipio atopamos restos de cultura castrexa (os castros de Valente e A Rocha), vestixios da importante presenza romana, restos dunha basílica goda, unha necrópole sueva, a igrexa de Santiago de Padrón (onde se atopa o fermoso «pedrón» baixo o seu altar), a colexiata de Iria Flavia, os conventos dos dominicos e dos franciscanos, o santuario da Esclavitude, o Alfolí ou «Almacén do Sal» (que serviu de hospital de peregrinos), a Casa do Concello e, en definitiva, o seu casco antigo. Parécenos digno de mención o Xardín Botánico Artístico que está declarado monumento do Patrimonio Artístico.

Pensamos que merecen un apartado especial a Casa da Matanza, hoxe convertida en Casa-Museo de Rosalía de Castro, e a casa que alberga a Fundación Camilo José Cela. Ámbalas dúas xeran unha importante serie de actividades culturais e científicas, que incrementan –aínda máis– o seu número de visitantes.

Podemos, pois, concluír que Padrón pode establecer un interesante plan integral de turismo, en base os seus recursos patrimoniais e culturais, que fortalecerá o seu propio dinamismo actual.

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

Compostela é o centro e final de tódolos Camiños de Santiago e constitúe un polo de atracción para os peregrinos que, dende o momento da súa partida, soñan coa entrada na Catedral.

O municipio de Santiago é extenso, conta cunha superficie de 223,6 km<sup>2</sup>, estruturada en vinte parroquias. A poboación, segundo a Revisión Padroal de 1998, era de 93.584 habitantes, dos cales máis do oitenta por cento viven na propia cidade. O crecemento foi constante ó longo dos últimos anos, tal e como nos amosan as densidades de 1981, 1991 e 1996, que, respectivamente, son: 373,6 hab./km<sup>2</sup>, 392,7 hab./km<sup>2</sup> e 424,7 hab./km<sup>2</sup>. Falar da demografía en Santiago supón o antepoñer a importancia que teñen a poboación transeúnte e a flotante, coa conseguinte diferenza que se produce entre os habitantes de feito e de dereito. Todo isto ven explicado, fundamentalmente pola presenza de tres fenómenos: a Universidade, o Hospital Xeral de Galicia e a Administración Autonómica. Por suposto que a atracción relixiosa que significa Santiago é un importante factor engadido a ter en conta. O gran incremento na matriculación de estudantes na Universidade, nos anos sesenta, e a posta en funcionamento en 1975 do Hospital Xeral de Galicia (coa correspondente oferta de postos de traballo) fixo que se incrementasen considerablemente a cidade e a súa poboación. Na década dos oitenta, Santiago convértese na capital de Galicia e na sede do Goberno Autonómico e do seu Parlamento, o que se traduce nun novo crecemento e, sobre de todo, nunha maior afluencia de persoas que acoden a resolver os seus trámites administrativos. A finais desta década atopamos outro feito que, nesta ocasión, contribuirá a destacar o proceso de incremento de poboación, e que ven dado pola reestructuración do sistema universitario galego, que desembocará na creación de tres Universidades e sete Campus. Diremos, tamén, que na totalidade do municipio o envellecemento é baixo, pois atopámonos cunha porcentaxe do 16,2% de poboación maior de sesenta anos.

Se facemos unha disección por estudos realizados (Cadro IV) temos un 1,7% de analfabetos, un 16,4% que din non posuír estudos de ningún tipo, e un 31,7% e un 36,0% que, respectivamente, manifestan, ter rematada a súa instrución de primeiro e segundo grao. É lóxico que a porcentaxe de poboación con estudos superiores sexa moi elevada (diplomaturas 5,6% e licenciaturas e outros (8,6%), polas características enunciadas anteriormente.

En canto á análise da poboación ocupada por actividade económica (Cadro V), atopámonos con un 3,8% na agricultura, un 14,3% no tecido industrial e un rotundo e significativo 72,0% para os servizos. O medio rural sufriu o fluxo emigratorio das décadas dos sesenta e os setenta e, polo tanto, envelleceu; o que conleva uns índices cada vez menores no seu saldo vexetativo. Ó mesmo tempo, o crecemento xeográfico da cidade fixo que se incorporase a ela o entorno rural máis próximo. En canto ó sector industrial, dicir que –aínda que eclipsado polo terciario– ten unha presenza que non se pode obviar. En Santiago están radicadas empresas galegas importantes, como poden ser Televés ou FINSA. Merece, tamén, un comentario o feito de que un 9,7% da poboación activa pertenza ó sector da construción, que fai fronte ó incremento no parque de vivendas da cidade.

Atención á parte merecen os servizos; neste sentido cabe destacar, en primeiro lugar, o terciario público, xa que o 57,3% da poboación activa podémolo encadrar neste apartado. Merece tamén a nosa atención o feito xerado pola poboación estudiantil que, por mor do aluguer de pisos, segue a ser unha importante fonte de ingresos para a cidade, ó tempo que produce unhas amplas demandas de librerías, restaurantes, hostais, cafeterías e diversas actividades relacionadas co ocio da xuventude. Mención especial merece o comercio –no que se está a producir unha modernización–, que cumpre dúas funcións principais: por unha banda, servir de abastecemento a un amplo entorno, por ser Santiago cabeceira da súa comarca; e por outra, o atender á gran afluencia turística que por motivos relixiosos, artísticos ou culturais recala en Compostela. Neste senso, debemos anotar o importante fenómeno que supuxo o «Xacobeo 93», que –mediante a importante promoción que se fixo do Camiño de Santiago– xerou unha gran afluencia de visitantes, que aínda que en menor escala, continuou nos anos posteriores; volveu a alcanzar un punto álxido no Ano Santo de 1999. En canto á

distribución segundo o sexo, diremos que no sector terciario as porcentaxes practicamente se equiparan.

Se analizamos o coñecemento do galego (Cadro XI), diremos que o entenden un 96,5%, o saben falar un 90,7%, o len un 63,1% e o escriben un 44,7%. No tocante ó seu uso (Cadro XII), falan sempre o idioma galego un 38,1% dos santiagueses, ás veces un 48,8% e non o utilizan nunca un 7,1%.

En Santiago mestúranse os mundos relixioso, universitario e político, e é de desexar que unha conxunción harmónica de todos eles logre levar a cabo un proxecto de cidade, xa de sempre marabillosa en si mesma, desexable para habitar.

## CONSIDERACIÓNS FINAIS

Non quixéramos acabar este estudio sen introducir unhas últimas reflexións. Non imos enumerar unha longa serie de conclusións, posto que, pensamos, xa se foron expoñendo ó longo dos distintos apartados da nosa análise. Pretendemos, pois, levar a cabo unhas consideracións que pensamos poden inducir a plantexar unha nova forma de entender o conxunto da nosa investigación.

Coidamos que xa non se pode entender Galicia como un espacio eminentemente rural, con poboación dispersa e baseada na unidade familiar do pequeno campesiño. Incluso, no cada vez máis reducido sector agrario, o proceso de modernización xa penetrou ó través dunha concentración das explotacións, dunha progresiva modernización, dunha introducción de novos cultivos e de novas formas de comercialización dos produtos. Pero Galicia xa é fundamentalmente urbana como puidemos observar mediante o crecemento dos núcleos que son cabeceira de comarca. Galicia xa está inmersa non só nun proceso de industrialización, senón nun claro camiño ate a terciarización, como se nos amosou mediante as porcentaxes de poboación ocupada que se inscriben no sector industrial e nos servizos. Debemos facer unha observación, que ven dada en base a que o noso estudio recorre a Galicia litoral sureña que ven marcada polo eixo Vigo-Pontevedra-Santiago; aínda que faremos notar que noutros estudos desta mesma investigación, percorremos a Galicia interior e a do litoral norte.



E si Galicia cambia é porque as súas xentes se transforman e aparecen novas formas de socialización, novos modelos de comportamento e cotas máis altas de participación social e política. Pensamos que os distintos concellos obxecto da nosa investigación, indican un camiño, no que podemos observar as liñas vertebradoras da distribución poboacional no territorio, da súa estrutura socioeconómica e do seu proceso de cambio e modernización.

**CADRO I****Densidades de poboación**

	<b>1981</b>	<b>1991</b>	<b>1996</b>	<b>1998</b>
Tui	220,7	223,2	234,3	230,7
A Guarda	465,8	492,3	484,0	483,9
O Porriño	223,7	248,0	257,3	258,4
Redondela	528,4	537,4	554,6	552,2
Pontevedra	542,6	601,1	628,0	624,4
Caldas de Reis	130,3	134,5	136,5	137,4
O Grove	466,0	490,0	503,9	501,6
Vilagarcía de Arousa	641,1	683,0	708,6	716,0
Padrón	205,5	207,0	208,0	197,3
Santiago de Compostela	373,6	392,7	424,6	424,2

Fontes: INE. Censo de Poboación, 1981.

IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991

INE. Padrón Municipal de Habitantes, 1995

INE. Revisión Padroal a 01/01/98

Elaboración propia.

**CADRO II****Crecedemento vexetativo, saldo migratorio e crecedemento absoluto****1991-1996**

	<b>Crecedemento vexetativo</b>	<b>Saldo migratorio</b>	<b>Crecedemento absoluto</b>
Tui	6	755	761
A Guarda	157	-327	-170
O Porriño	342	232	574
Redondela	-216	1.095	879
Pontevedra	533	2.263	2.796
Caldas de Reis	-24	155	131
O Grove	67	229	296
Vilagarcía de Arousa	166	1.039	1.205
Padrón	-56	103	47
Santiago de Compostela	602	5.263	5.865

Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes e estadística de poboación, 1996.

**CADRO III****Porcentaxes de poboación maior de 60 anos**

	<b>1991</b>	<b>1996</b>
Tui	17,8%	20,3%
A Guarda	17,2%	20,4%
O Porriño	13,7%	15,6%
Redondela	15,7%	18,0%
Pontevedra	16,3%	18,6%
Caldas de Reis	20,1%	22,3%
O Grove	16,8%	19,4%
Vilagarcía de Arousa	16,6%	19,5%
Padrón	17,4%	20,1%
Santiago de Compostela	16,2%	18,6%

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

## CADRO IV

**Porcentaxes de poboación de 10 e máis anos segundo os estudos realizados**

	Analfabetos	Sen estudos	1º Grao	2º Grao	Diplomaturas	Estudios Superiores
	%	%	%	%	%	%
Tui	1,9	30,7	36,4	27,4	2,0	1,6
A Guarda	2,0	15,4	50,4	29,0	1,4	1,8
O Porriño	2,5	20,7	44,5	29,5	1,6	1,2
Redondela	3,5	15,4	47,1	31,3	1,7	1,0
Pontevedra	1,9	13,2	36,2	39,2	4,5	5,0
Caldas de Reis	2,5	27,8	42,0	24,6	2,2	0,9
O Grove	2,5	27,0	40,9	26,6	1,7	1,3
Vilagarcía de Arousa	1,5	20,4	39,2	33,4	2,8	2,7
Padrón	2,9	15,0	45,7	33,0	1,4	2,0
Santiago de Compostela	1,7	16,4	31,7	36,0	5,6	8,6

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

### CADRO V

#### Poboación ocupada por actividade económica

	Agricultura %	Pesca %	Industria %	Construcción %	Servicios %
Tui	5,4	0,4	28,3	18,3	47,6
A Guarda	4,9	29,8	15,0	10,9	39,4
O Porriño	3,7	0,2	38,9	13,7	43,5
Redondela	3,2	5,6	32,6	14,5	44,1
Pontevedra	3,2	2,3	16,2	13,3	65,0
Caldas de Reis	9,8	0,5	27,2	25,8	36,7
O Grove	13,5	13,7	19,4	11,7	41,7
Vilagarcía de Arousa	3,0	3,6	25,4	12,7	55,3
Padrón	11,1	2,5	32,7	13,5	40,2
Santiago de Compostela	3,8	0,2	14,3	9,7	72,0

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

## CADRO VI

## Poboación ocupada por sexo e actividade económica

	Agricultura		Pesca		Industria		Construcción		Servicios		Totais	
	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres
Tui	3,8	1,5	0,3	0,1	25,0	3,4	18,0	0,3	28,0	19,6	75,1	24,9
A Guarda	2,5	2,5	29,5	0,3	13,4	1,6	10,4	0,4	22,9	16,5	78,7	21,3
O Porriño	1,9	1,8	0,1	0,1	30,8	8,1	13,0	0,7	25,8	17,7	71,6	28,4
Redondela	2,3	1,0	5,2	0,4	19,6	13,0	14,2	0,3	26,8	17,2	68,1	31,9
Pontevedra	1,8	1,4	2,1	0,1	11,9	4,4	12,2	1,1	36,3	28,7	64,3	35,7
Caldas de Reis	3,9	5,8	0,5	0,0	20,0	7,2	25,8	0,1	20,8	15,9	71,0	29,0
O Grove	9,9	3,6	11,5	2,2	8,7	10,7	11,2	0,5	25,0	16,7	66,3	33,7
Vilagarcía de Arousa	2,0	0,9	3,3	0,3	18,6	6,8	12,2	0,6	33,7	21,6	69,8	30,2
Padrón	5,1	6,1	2,5	0,0	25,1	7,5	13,1	0,4	25,1	15,1	70,9	29,1
Santiago de Compostela	2,2	1,7	0,2	0,1	10,9	3,4	9,1	0,5	39,8	32,1	62,2	37,8

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

### CADRO VII

#### Poboación ocupada por actividade económica

	Agricultura %	Pesca %	Industria %	Construcción %	Servicios %
Tui	3,0	0,9	32,0	14,5	49,6
A Guarda	3,0	30,4	12,9	10,6	43,1
O Porriño	3,9	1,1	38,3	12,4	44,3
Redondela	1,3	6,5	34,1	11,3	46,8
Pontevedra	1,5	2,5	15,1	10,3	70,6
Caldas de Reis	8,1	0,7	29,4	19,2	42,4
O Grove	2,3	21,3	20,0	9,2	47,3
Vilagarcía de Arousa	1,3	5,8	22,5	11,0	59,4
Padrón	7,9	2,1	26,2	12,3	51,5

Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes e Estadística de Poboación, 1996.  
Elaboración propia.



## CADRO VIII

## Poboación ocupada por sexo e actividade económica

	Agricultura		Pesca		Industria		Construcción		Servicios		Totais	
	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres	Homes/Mulleres
Tui	2,0	0,9	0,9	0,1	26,7	5,2	13,8	0,7	27,7	22,0	71,9	28,9
A Guarda	1,4	1,6	30,0	0,5	11,4	1,5	10,3	0,2	23,7	19,4	76,8	23,2
O Porriño	1,3	2,6	0,9	0,3	28,5	9,8	11,8	0,6	26,1	18,1	68,6	31,4
Redondela	0,6	0,7	5,6	1,0	21,1	13,0	10,9	0,3	27,0	19,8	65,2	34,8
Pontevedra	0,8	0,8	1,9	0,5	11,5	3,6	9,8	0,5	38,5	32,1	62,5	37,5
Caldas de Reis	3,3	4,9	0,5	0,2	23,0	6,5	18,9	0,3	23,8	18,6	69,5	30,5
O Grove	0,8	1,3	16,8	4,4	8,8	11,2	9,0	0,3	26,0	21,2	61,4	38,6
Vilagarcía de Arousa	0,7	0,6	4,3	1,6	16,6	5,9	10,3	0,6	35,7	23,7	67,6	32,4
Padrón	2,7	5,2	2,0	0,1	21,4	4,8	12,1	0,2	31,3	20,2	69,5	30,5

Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes e Estadística de Poboación, 1996.  
Elaboración propia.

**CADRO IX****Porcentaxes de poboación de 10 e máis anos  
segundo os estudos realizados**

	Provincia de Coruña %	Provincia de Pontevedra %	Galicia %
Analfabetos	3,0	2,5	3,0
Sen estudos	27,5	21,5	28,1
1º Grao	33,1	39,3	34,1
2º Grao	30,6	31,8	29,6
Diplomatura	2,7	2,5	2,6
Estudios Superiores	3,1	2,4	2,6

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.

Elaboración propia.

**CADRO X****Porcentaxes de poboación ocupada por sectores de  
actividade económica e sexo**

	Provincia de Coruña		Provincia de Pontevedra		Galicia	
	Homes/Mulleres		Homes/Mulleres		Homes/Mulleres	
	%	%	%	%	%	%
Agricultura	8,0	7,7	5,5	5,3	10,3	10,1
Pesca	3,3	0,2	5,6	0,3	3,2	0,2
Industria	14,0	5,3	16,3	5,7	13,6	4,6
Construcción	13,0	0,5	13,2	0,6	12,5	0,5
Servicios	28,3	19,7	27,3	20,2	26,2	18,8
Totais	66,6	33,4	67,9	32,1	65,8	34,2

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.

Elaboración propia.

**CADRO XI****Coñecemento do galego a partires dos 3 anos de idade**

	Enténdeno %	Fálano %	Leno %	Escribeno %	Non Consta %
Tui	98,9	95,0	45,4	32,4	1,0
A Guarda	98,0	93,5	67,7	45,7	2,0
O Porriño	96,8	91,5	29,8	11,6	3,2
Redondela	97,3	93,4	46,8	35,8	2,7
Pontevedra	93,7	83,9	49,4	34,4	0,1
Caldas de Reis	99,2	97,6	41,0	28,7	0,8
O Grove	97,7	95,6	56,2	35,7	2,3
Vilagarcía de Arousa	97,3	89,9	49,8	33,2	2,6
Padrón	97,7	96,0	51,5	39,6	2,3
Santiago de Compostela	96,5	90,7	63,1	44,7	3,5

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

## CADRO XII

### Uso do galego

	Sempre	Ás Veces	Nunca	Non Consta
	%	%	%	%
Tui	43,9	48,3	5,4	2,4
A Guarda	49,9	41,4	4,1	4,6
O Porriño	43,3	47,1	4,2	5,4
Redondela	49,1	40,0	5,7	5,2
Pontevedra	23,4	56,4	10,0	10,2
Caldas de Reis	72,7	24,2	1,7	1,4
O Grove	75,2	18,8	2,3	3,7
Vilagarcía de Arousa	28,6	59,3	6,6	5,5
Padrón	56,5	38,6	1,1	3,8
Santiago de Compostela	38,1	48,8	7,1	6,0

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas, 1991.  
Elaboración propia.

**BIBLIOGRAFÍA**

- ARIAS VEIRA, P.: *Las 313 Galicias*. Equipo de Analistas Socioeconómicos. La Coruña. 1990.
- BALTAR TOJO, R. y VVAA: *Construir Europa. Galicia*. Fundación Encuentro. Madrid. 1996.
- BLANCO CHAO, R. y GARRIDO FARALDO, S.: *Análise da procedencia e características da afluencia turística a Santiago no Xacobeo 93*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1994.
- DAHRENDORF, R.: *El conflicto social moderno*. Mondadori. Madrid. 1990.
- DE TORRES LUNA, M.P.; PÉREZ ALBERTI, A. y LOIS GONZALEZ, R.C. (Edrs.): *Os Camiños de Santiago e o territorio*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1993.
- DE TORRES LUNA, M.P.: *Los Caminos de Santiago y la geografía de Galicia. Rutas, paisajes y comarcas*. Xunta de de Galicia. Santiago de Compostela. 1995.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.: *Galicia del Camino*. Fundación Alfredo Brañas y Fundación Filgueira Valverde. Santiago de Compostela y Pontevedra. 1991.
- GARCIA FERRANDO, M. y otros.: *Pensar nuestra sociedad. Una introducción a la sociología*. Consorci d'Editors Valencians, S.A. Mestral libros. Valencia. 1988.
- GARMENDIA, J.A.: *Sociología. Claves para el Estudio y Transformación de la Estructura Social*. CIS. Madrid. 1979.
- LEIRA LOPEZ, J. (Dtor): *Aulas no Camiño: O Camiño Francés*. Universidade da Coruña. A Coruña. 1996.

- LEIRA LOPEZ, J. (Dtor): *Aulas no camiño: O Camiño Inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela*. Universidade da Coruña. A Coruña. 1997.
- LERALTA, J.: *Las peregrinas cosas del Camino*. La Librería. Madrid. 1993.
- MAGARIÑOS, A.: *Galicia: Conflicto e supervivencia*. Edicións Castrelos. Vigo. 1979.
- MARTIN SANTOS, L.: *Diez Lecciones de Sociología*. Fondo de Cultura Económica. Madrid. 1988.
- ORTEGA, F.: *El mito de la modernización*. Anthropos. Barcelona. 1994.
- PÉREZ VILARIÑO, J.: *Organización social e identidade colectiva. Construir Europa: Galicia*. Fundación Encuentro. Madrid. 1996.
- PRECEDO LEDO, A. y otros.: *Galicia pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia. La Coruña. 1993.
- PRECEDO LEDO, A. y VILLARINO PÉREZ, M.: *A poboación de Galicia. A crise demográfica e o seu impacto territorial*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1994.
- PUIG PICART, T.: *Animación sociocultural. Cultura y territorio*. Editorial Popular, S.A. Madrid. 1992.
- VEIRA VEIRA, J.L. y otros.: *A Mocidade Galega: Informe 1993*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1993.